

## ALUME SAÚDE MENTAL

### Entidade executante

**Asociación ALUME SAÚDE MENTAL (<https://alume.org>)**

### Ámbito territorial

O programa desenvólvese en Lugo e concellos rurais.

### Persoas destinatarias

Persoas maiores de idade que pola gravidade do seu trastorno mental presentan mala adherencia ao tratamento e dificultade para acceder aos Centros de Rehabilitación ou non desexalo.

Serán beneficiarias 30 persoas.

### Obxectivos

#### Xerais:

Intervir de xeito sistemático os aspectos relacionados co tratamento integral do trastorno mental severo nun contexto rural-urbano, para atender a persoas, que se atopan afastadas dos servizos e que pola súa condición non están preparadas ou non queren acudir aos centros de atención físicos.

#### Específicos:

Servir de enlace entre as USM, ETAC, ATS/DUE, Traballador/a sociais...

Reducir o nivel de illamento, sufrimento e soidade non desexada.

Mellorar a súa calidade de vida e integración social.

Acompañar e motivar para que acodan a consulta psiquiátrica e facer seguimento da medicación pautada.

Previr danos maiores e frear as dinámicas non socializadoras.

Realizar investigacións para avaliar o impacto do programa e mellorar a práctica clínica en prevención do suicidio e atención a sobreviventes.

Minimizar a comorbilidade (consumo de sustancias, ansiedade, tensión, depresión, condutas autolíticas, etc.).

### Metodoloxía

Empregarase a “atención domiciliaria” entendida como aquelas intervencións nas que se acude ao domicilio dunha persoa que precisa dun servizo relacionado coa saúde mental, a través de accións (terapia, orientación á súa realidade, desenvolvemento de habilidades sociais, fomento das actividades instrumentais e da vida diaria, acompañamento de citas...) que favorezcan a súa estabilidade.